

ALGUNHAS REPERCUSIÓNS LINGÜÍSTICAS DAS TRANSFORMACIÓNS NO MUNDO RURAL

Xosé Graña Núñez

I.B. Ánxel Fole de Lugo

0. INTRODUCCIÓN

Unha característica común á maioría das linguas vivas do planeta, e pertencentes a sociedades cun certo grao de desenvolvemento, é a permanente evolución e transformación, fundamentalmente no aspecto léxico-semántico. Noutros planos como o fonético ou o morfolóxico, os cambios ou evolucións resultan menos relevantes, xa dende a época en que as linguas se foron fixando a través da literatura. Estas mudanzas nas estruturas léxicas das linguas corren parellas –e son a súa consecuencia lóxica– ás transformacións sociais. As linguas teñen o seu hábitat no seo da sociedade é o pobo quen as fai nacer e é o pobo quen as pode facer morrer.

A historia das linguas e a historia dos pobos, dende que o ser humano aprenden a articular-los primeiros sons e a artellar un rudimentario código de comunicación, fluíron por canles paralelas. A única razón de ser dunha lingua é a de servir de instrumento de comunicación á sociedade que lle dá vida. Por iso as linguas modernas que queiran sobrevivir teñen que reestructurarse e renovarse día a día para responder ás esixencias dunha sociedade cada vez máis sofisticada. E onde resulta máis palpable ese proceso de permanente renovación é precisamente no aspecto léxico.

O galego, na súa condición de lingua dunha sociedade moderna, non é allea ó devandito proceso de renovación, mais a súa peculiar e atormentada historia, e máis concretamente as particulares características do seu léxico patrimonial, fan deste proceso unha seria ameaza para que esta lingua poida preservar nun futuro a súa personalidade (cada vez menos singular) fronte ó castelán, feito sobre o que tentaremos reflexionar nas liñas que seguen.

1. OS DESEQUILIBRIOS LÉXICOS

A galega é unha lingua que se veu desenvolvendo ó longo dos séculos nun contexto falto de equilibrio, motivado pola situación de anormalidade na que sobreviviu dende finais da Idade Media e na que aínda se atopa. Unha lingua que durante séculos estivo privada de calquera uso formal, tanto na vertente literaria como na oral, véndose restrinxida ós niveis coloquiais e familiares dos sectores máis humildes, ten que presentar necesariamente unhas características peculiares que van dar fe desa situación desequilibrada e anormal a tódolos niveis.

Un dos aspectos nos que máis se deixou senti-la influencia dese contexto desequilibrado foi no campo léxico, onde a lingua que nos legaron os devanceiros amosaba unha evidente descompensación. A estrutura do noso léxico tradicional responde ás necesidades e características do medio e do contexto no que a lingua galega nacen e madurou: o mundo rural.

Este feito explica a enorme riqueza terminolóxica que o galego amosa en todos aqueles campos semánticos relacionados directa ou indirectamente con este mundo (toponimia, orografía, cultura material, etnografía, flora, fauna, relacións humanas...) en contraste coa lóxica pobreza amosada para outros planos da comunicación, sempre referidos a mundos dos que o galego se viu sistematicamente arredado (a política, a xustiza, a relixión, a educación, a economía, a ciencia...) ata que, xa neste século, os homes do grupo Nós e os do Seminario iniciaron con éxito o primeiro intento serio para remediar tales deficiencias, buscando un certo equilibrio que lles permitise conformar e vertebrar un código lingüístico axeitado ós novos ámbitos de uso ós que o galego tiña que acceder.

Dende entón —e exceptuando os anos da posguerra— veuse mantendo ese labor de modernización e adecuación do código lingüístico ás novas realidades sociais e ás necesidades comunicativas, de xeito que o desequilibrio inicial inverteu a tendencia: a noutrora extraordinaria riqueza do noso léxico tradicional (e que era o primeiro elemento singular e diferencial fronte ó castelán) empobreceuse de tal xeito que nos tempos actuais a descompensación estase volvendo de signo inverso á aquela coa que se atoparon os intelectuais galegos de principios de século, por poñer un exemplo.

De pouco importa que os dicionarios actuais recollan cada vez un maior número de entradas, se día a día aumenta o número de formas que caen en desuso, ben por ignorancia ou ben por esquecemento, para quedaren definitivamente fosilizadas nesas “cemiterios de palabras” nos que se están convertendo os dicionarios modernos. En definitiva o galego de final de século é moito máis rico en cultismos, tecnicismos, léxico científico e especializado, neoloxismos, anglicismos... e bastante máis pobre en léxico patrimonial do que o era a principios de século.

Chegados a este punto poderían formularse dúas preguntas: ¿pódese e é necesario parar esta tendencia á fosilización dunha boa parte do noso léxico patrimonial? ¿que causas motivan esta perda do noso léxico máis característico?

2. ¿REXENERACIÓN OU DEXENERACIÓN?

Se partimos da lóxica premisa de que as linguas modernas teñen a necesidade de renovarse e actualizarse día a día para poderen dar cumprida resposta ás esixencias comunicativas dun mundo complexo que evoluciona e progresa a un ritmo de vertixe, teríamos que entender que o do galego é un proceso natural e necesario, similar ó que se dá en calquera outra lingua do seu entorno. Mais, o noso modo de ver, no caso do galego este é un proceso de “falsa renovación” que pode constituír –e de feito xa está constituíndo– unha ameaza real para a súa propia supervivencia.

Enxebreza e tradición son dúas características polas que o léxico constitúe –ou cando menos constituía– o aporte principal no que se fundamentan os trazos diferenciais máis significativos da lingua galega. O léxico veu sendo tradicionalmente o nivel no que o galego amosa unha personalidade máis singular e diferenciada –moi por enriba doutros niveis coma o fonético ou o morfosintáctico– fronte á permanente referencia do castelán. Se esta bagaxe léxica tan caracterizadora está condenada a entrar nun proceso de sedimentación e fosilización que parece irreversible, ¿que nos queda?... ademais dunha desacougante pobreza expresiva e dunha terminoloxía cada vez máis “estandarizada e universal” que nos está conducindo a unha uniformidade expresiva, na que –malia os considerables esforzos de restauración da lingua levados a cabo nas dúas últimas décadas– o galego corre o risco (a medio prazo) de afundirse nun traizoeiro abrazo de mimetismo co castelán, como unha mancha de aceite que se dilúe na inmensidade do océano.

Cuantitativamente o “corpus léxico” do galego non deixou de medrar e de enriquecerse dende o seu nacemento. Isto é, o número de entradas vén experimentando dende hai anos un crecemento continuado en todos aqueles dicionarios con certas pretensións de recompilación, mais desde o punto de vista cualitativo o empobrecemento parece innegable, sobre todo á hora da súa plasmación real na fala dos galegos que estamos ás portas do século XXI. Ano tras ano están entrando nun proceso de sedimentación moreas e moreas do noso léxico máis tradicional e singular, dese léxico que mellor contribuíu no mantemento do galego como unha lingua de singular personalidade e plenamente diferenciada no contexto da Romanía Peninsular.

Á hora de tentar buscar e analizar as posibles causas de tal empobrecemento, estas antóllansenos moi diversas tanto pola súa xénese coma polo grao de incidencia. Con todo hai unha que nos parece a de maior transcendencia e na que directa ou indirectamente se fundamentan tódalas demais: *os profundos cambios que a sociedade galega en xeral e a rural en particular, experimentou nas últimas tres décadas.*

3. AS ÚLTIMAS TRANSFORMACIÓNS

O despoboamento

No mundo rural tivo o galego dende sempre o seu medio natural, un medio que lle aportou frescura, enxebreza, espontaneidade, viveza, e moitas outras características que fo-

ron configurando a súa personalidade como lingua. *Oralidade* e “*ruralismo*” foron durante séculos dous trazos inseparables e inherentes ó propio concepto de lingua galega.

Galicia foi durante moito tempo un país eminentemente rural. A mediados do XIX as porcentaxes acadaban o 90%. Na actualidade a porcentaxe non vai máis alá do 50%. O proceso de involución demográfica evidenciada nas últimas décadas, lonxe de deterse está aumentando e, na opinión dos expertos, no prazo de dez anos varios municipios poden perder toda a súa poboación. O fenómeno de despoboamento das zonas rurais galegas, especialmente en áreas de montaña de Lugo, Ourense e Pontevedra, é irreversible segundo o director xeral do Gabinete de Planificación da Xunta, Andrés Precado, tal e como se recolle na información aparecida en *La Voz de Galicia* do pasado 16 de abril.

Din os expertos que o que marca a importancia dunha lingua é o número de falantes monolingües desa lingua. O acurrallado gaélico ou irlandés –por poñer un exemplo que pode gardar moitos paralelismos co caso galego– en 1880 aínda contaba con 64.000 monolingües. En 1910 xa só tiña 10.000 e en 1921 xa non tiña ningún.

Moitos núcleos de poboación rural quédanse sen xente, e cada vez son máis as aldeas “pantasma” con poboación cero, onde xa morreron os últimos vellos, e con eles morreu un anaco de historia, un feixe de palabras (tesouro cultural dese lugar) e unha mancha de contos perdidos. Con palabras de Daniel López Muñoz “¡que perda para tanto presentador con galego de cartón pedra e cursiño acelerado!... ¡que perda para tanto ‘cursillista de escalafón’ e concurso de traslados!”.

A reserva dos nosos derradeiros monolingües esmorece de xeito irreversible, e con cada monolingüe desaparecido vai morrendo tamén na práctica unha boa parte do noso léxico máis característico. Cada vez é maior o número de voces, de gran vitalidade noutrora, que só teñen hoxe vida nos beizos das xeracións máis vellas, maioritariamente monolingües. De pouco importa que fiquen rexistradas nos dicionarios, se o pobo non as usa por estaren baleiras de significado para as xeracións máis novas ou simplemente pola ignorancia e o descoñecemento. Se algo se pode hoxe constatar é que de xeración en xeración a lingua galega (polo menos desde un punto de vista léxico e a nivel da fala cotiá) estase tornando máis pobre e aséptica, ou o que é o mesmo ¡¡o sal do idioma estase virando insípido!! ¿Que quedará, dentro de dúas décadas, da fala saborosa dos nosos vellos?

A involución demográfica do medio rural galego maniféstase con todo o seu dramatismo na poboación infantil. En bastantes núcleos de poboación rural asistimos a unha das realidades máis crúas e arrepiantes coas que se pode atopar un neno ou nena: a de non ter outros nenos cos que xogar, feito cada vez menos insólito na Galicia interior. Este descenso da poboación infantil foi un dos argumentos xustificativos da chamada *concentración escolar* que acabou cos centos de escolas unitarias repartidas ó longo de toda a xeografía galega, e que irradiaban ó lugar ledicia, rebumbio, algarabía... ¡vida en definitiva! nun contexto no que a lingua vernácula era o alento vital.

A concentración escolar, ademais de deixar as nosas aldeas un pouco máis tristes, deixounas un pouco máis mudas. Os grupos escolares, situados nas capitais municipais,

teñen boa parte de culpa na adquisición de hábitos lingüísticos foráneos, cada vez máis evidentes nos nenos e nenas do rural. A “pedantería lingüística” que agroma en moitas das nosas vilas, atopou na concentración escolar unha correa de transmisión que está contaminando seriamente a que ata entón era unha inmaculada práctica lingüística no mundo rural. Os que eran casos insólitos e case pintorescos cando Alonso Montero sacou á luz o seu *Informe...* son hoxe tan habituais que ata os propios paisanos os ven con certa naturalidade.

A vida social

O estilo de vida desde un punto de vista social que caracteriza hoxe a sociedade rural galega, globalmente falando, ten ben pouco que ver co de hai trinta anos. Da man do progreso e dos medios de comunicación, fundamentalmente da televisión, chegaron importantes mudanzas que foron consolidando un novo estilo de vida que a nivel lingüístico tivo unha clara repercusión: cada vez escóitase menos e, en consecuencia fálese menos. Aquelas longas noites de inverno nas que ó carón do lume os avós contaban ós seus netos contos de meigas, lobos ou de lendas fantásticas; aqueles tempos nos que os veciños se xuntaban nas casas para a través da conversa roubárenlle horas ás longas noites de inverno, xa hai tempo que son historia. Hoxe en miles de fogares galegos fíxose o silencio e só se escoita unha voz, as máis das veces allea, que enmudeceu para sempre a voz grave dos avós, as últimas fontes de sabedoría popular que nos quedan. As repercusións non tardan en aparecer.

As xeracións máis novas están a empregar unha lingua cada vez máis estandarizada. No terreo léxico estanse acurtando de forma alarmante as diferencias que hai tan só un par de décadas había entre a bagaxe terminolóxica dun neno da cidade e dun neno de aldea. Nos anos sesenta nos que transcorreu a nosa infancia tódolos nenos do rural tiñamos unha considerable bagaxe léxica no relativo á flora, fauna, cultura popular, etnografía... coñecemento que nos proporcionaba un contacto directo e permanente con ese medio natural e con ese microcosmos rural que nos empapaba. Os nosos xogos, o noso traballo e tódalas nosas vivencias tiñan como referente o medio natural. Para a maioría non había mais xoguetes ca aqueles de propia construción: carros de cachola de nabo, chiscóns de sabugo, carrulas de madeira, muíños de salgueiro, gaitas de centeo verde, aradiños de pao, bonecas de mazarocas de maízo... Unha das nosas afeccións preferidas era a de “ir ós niños” o que nos proporcionaba un amplo coñecemento dos nomes de tódalas especies de aves e da vexetación na que aniñaban. Os nenos de hoxe fican na casa vendo a televisión ou xogando coas video-consolas cada vez máis metidos nesa especie de burbulla que os arreda do mundo circundante. Neste contexto resulta doado entender que alumnos de COU sexan incapaces de enumerar máis de cinco árbores autóctonas galegas, e que a unha pega a definan simplemente coma “un paxaro”.

A vida laboral

Se a irrupción masiva dos medios de comunicación supuxo importantes mudanzas no que era o estilo de vida tradicional no mundo rural, o progreso e a conseguinte mecani-

zación das formas de labranza tradicional vai supor, nun espazo de tempo relativamente curto, cambios espectaculares.

Na década dos sesenta, as formas de traballo aínda non diferían demasiado das de principio de século. A mecanización non ía máis aló dun papel simbólico. O factor humano seguía sendo un elemento clave sobre o que recaía todo o peso do traballo: o arado romano, o carro do país, os labores colectivos da sementeira e recolleita (segas, mallas, sachas, rogas...) seguían tendo unha absoluta vixencia no mundo rural. Hoxe milleiros de arados e carros podrecen nos alboios; só uns poucos con mellor sorte dormen un sono eterno nos museos etnográficos. Aquel labrego dos sesenta que araba as terras agarrado a rabela do arado e cantando coplas populares, en ben pouco se parece a este neto dos noventa, comodamente sentado ó volante dun tractor e escoitando os “corenta principais”. A máquina por antonomasia é o tractor que coa súa versatilidade foi suficiente para altera-las estruturas do traballo na sociedade rural galega. Traballos básicos como a labranza, sementeira, recolección e transporte mudaron de fisionomía nas últimas décadas. Do mesmo xeito que moitos dos apeiros de labranza tradicional só sobrevivirán nalgúns museos etnográficos, moito do léxico de profundas raíces populares que lles daba vida entrou nun proceso de esquecemento para acabar “petrificado” nas columnas dos vocabularios e dos dicionarios galegos, e completamente ignoradas polas novas xeracións.

Por outra banda unha das consecuencias da mecanización foi o aforro de man de obra, de xeito que un bo número de traballos agrícolas perderon o seu carácter colectivo. As antano tempo popularísimas “rogas” (rogas de sega, rogas de sacha...) están en vías de extinción. A “malla”, que era o traballo colectivo por antonomasia, no que participaban unha media de corenta persoas, só perdura nas zonas rurais montañosas da Galicia interior ás que, pola súa especial orografía, non teñen acceso as máquinas colleitadoras. No resto de Galicia xa é historia, como tamén o é toda unha terminoloxía que co decorrer dos séculos se foi formando a carón destes labores colectivos e que constituíron riquísimos campos semánticos igualmente condenados a converterse en “reliquias léxicas” perpetuadas nas frías páxinas dos dicionarios, pero faltas do alento que lles dea vida (cfr. o caso do cultivo do liño).

Todo un mundo semántico estruturado ó redor do que podemos chamar o *ciclo do pan* (dende a preparación das terras para a sementeira “facer o outono ou outonar” ata que os bolos de pan cocido nos fornos de leña se garda nas “artesas”) entrou nun proceso de esquecemento que semella definitivo. Ese *ciclo do pan* que durante séculos caracterizou e foi o protagonista de tantas e tantas xornadas de traballo no mundo rural, vese hoxe reducido, para cada vez máis galegos, á prosaica rutina de parar a furgoneta do panadeiro para mercarlle unha cousa parecida a aquel pan –froitto de tantas horas de suor e símbolo de tantas cousas– de hai tan só uns anos. Os centos de palabras que daban vida a todo o ciclo (sementeira, sega, transporte, malla, muíño, amasadura, coceadura...) van esmorecendo co propio ciclo e cada vez dinlles menos ás novas xeracións.

Marxinadas da lingua real e da fala viva están destinadas ó ostracismo absoluto dos dicionarios que aínda as recollen.

As transformacións e a evolución das estruturas laborais propiciadas polo progreso e a despoamento rural afectaron moi directamente a un conxunto de oficios, fundamentalmente artesanais, hoxe en día xa desaparecidos ou en vías de estalo. Tal é a sorte de ocupacións que noutrora coñeceron unha importante proliferación por todo o país (zoqueiros, ferreiros, oleiros, muiñeiros, cesteiros, afiadores, capadores, trapeiros...). O mesmo que aconteceu coas linguaxes das xergas, desaparecidas na práctica dende hai algunhas décadas, está a acontecer na actualidade con moreas de léxico que daban vida a uns oficios ancestrais no mundo rural...

4. CONCLUSIÓN

Sobre esta situación, que aquí simplemente pretendemos esbozar, poden facerse moitas e variadas reflexións; mais hai unha que parece evidente: os aires de modernización que percorren dende hai tres décadas a sociedade galega, e moi en particular a sociedade rural non agoiran nada bo para a reafirmación e supervivencia do galego como lingua plenamente diferenciada.

O aspecto léxico é posiblemente o que máis se está resentindo desas mudanzas de fin de século. A que vai se-la bagaxe léxica dos galegos do século XXI xa hai tempo que entrou, desde un punto de vista cualitativo, nun retroceso que parece imparable. O repertorio léxico das novas xeracións, terá cada día que pasa menos trazos diferenciais, e os nosos dicionarios van camiño de converterse en “tratados pantasma” (pola escasísima utilización que na práctica se fai das moreas de vocabulario técnico-culto neles recollido) e ó mesmo tempo en “museos lexicográficos” (polo proceso de esquecemento no que entrou unha parte moi considerable do noso patrimonio léxico máis autóctono e con máis tradición).